

PROXECTO LECTOR DO IES PAZO DA MERCÉ

AS NEVES - CURSO 2023/24

ÍNDICE

- 1.- Obxectivos.
- 2.- Marco Lexislativo.
- 3.- Análise da situación do noso centro escolar.
- 4.- Recursos humanos, horario de apertura e servizos ofrecidos pola Biblioteca.
- 5.- Actuacións da Biblioteca escolar como dinamizadora do proxecto.
- 6.- Hora de lectura.
- 7.- Actividades para o fomento da lectura dos diferentes Departamentos.
- 8.- Aplicación das TIC.
- 9.- Metodoloxía.
- 10.- Avaliación.
- 11.- Conclusión.

1. OBXECTIVOS

Co Plan Lector do Centro téntase potenciar e dinamizar o hábito lector dende dous aspectos principais: ler para aprender e ler para gozar. Así, neste proxecto definimos un conxunto de estratexias e actividades encamiñadas ao desenvolvemento da competencia lectora na súa globalidade, é dicir, pretendemos crear o hábito lector partindo das competencias básicas.

Ademais, consideramos a lectura como parte integrante das **competencias básicas**. Está claro que unha boa habilidade lectora potencia todas as demais competencias. Os procesos que se adestran e se desenvolven na lectura pódense utilizar novamente na competencia cultural e artística (lectura de obras literarias, de partituras, de imaxes, de cores...) e no tratamento da información e da competencia dixital, posto que debemos utilizar as habilidades lectoras nos novos soportes da lingua escrita. A lectura servirá igualmente para acrecentar a competencia social e cidadá: lese para coñecer o pasado e o presente e para ver por onde se encamiña o futuro; lense tamén as regras e as normas que organizan a vida social. Así mesmo, a lectura é unha estratexia imprescindible para aprender a aprender e para desenvolver a autonomía nas aprendizaxes e a iniciativa persoal, pois o lector competente selecciona aquilo que lle interesa e aproveita a lectura recreativa no seu tempo de ocio. Finalmente, a lectura servirá para desenvolver a competencia matemática e a competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, descodificando correctamente estas linguaxes específicas.

Establecemos catro obxectivos básicos:

- Formar lectores/as capaces de enfrontarse con éxito ás necesidades do mundo escolar e ao seu futuro laboral e social.
- Formar persoas capaces de valorar a lectura como fonte de coñecemento e de aprendizaxe.
- Formar persoas capaces de gozar coa lectura e integrala nas actividades do seu tempo de lecer.
- Formar persoas capaces de integrar a lectura nos seus hábitos de vida.

Para conseguir estes obxectivos, toda a Comunidade Educativa ten que comprometerse a levar a cabo unha serie de **tarefas**:

- Planificar e temporizar actividades relacionadas coa competencia lectora cara a mellorar a aprendizaxe, a lectura de lecer e o hábito lector.
- Fomentar o valor e o aprecio da Biblioteca como centro de documentación, de formación de usuarios e como ferramenta de traballo de certos aspectos curriculares de todas as áreas.
- Favorecer a creación de habilidades de información que capaciten ao alumnado para aprender a aprender, aproveitar e compartir os recursos e ferramentas da Biblioteca Escolar.
- Proporcionar materiais e recursos para o desenvolvemento do Plan Lector nos currículos de cada área e de cada ciclo.

2. MARCO LEXISLATIVO

O Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 26 de setembro 2022):

- No Título I, Capítulo I, Artigo 7, Obxectivos da educación secundaria obrigatoria, expón como obxectivo para a educación secundaria obrigatoria *Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.*
- No Título I, Capítulo I, Artigo 17, Principios pedagóxicos, no punto 4, observa que *a lectura constituirá un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave. É de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da comunicación, os centros docentes organizarán a práctica docente de todas as materias, de xeito que se garanta nesta a incorporación dun tempo de lectura e práctica da oratoria nos termos recollidos na súa concreción curricular.*
- Nos Obxectivos do Bacharelato, expón que o bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan *Afianzar os hábitos de lectura,*

estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

- Nos Principios pedagóxicos do Bacharelato, indica que *A lectura constituirá un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato co fin de fomentar e estimular as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, de expresión escrita e de se expresar correctamente en público, os centros docentes organizarán a práctica docente de xeito que o profesorado nas distintas materias as poida incorporar nos termos recollidos na súa concreción curricular.*

- Ademais expón no artigo Bibliotecas escolares e lectura o seguinte:

Os centros docentes deberán incluír, dentro do seu proxecto educativo e funcional, un plan de lectura coa finalidade de promover a lectura, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través de actuacións destinadas a afianzar o hábito da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

Os centros docentes contarán cunha Biblioteca escolar e deberán incluír, dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de Biblioteca, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións, coa finalidade de promovela como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe. Así mesmo, a Biblioteca escolar será un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, o traballo colaborativo e os intercambios culturais no centro, ademais de servir como instrumento de apoio para o desenvolvemento do plan de lectura.

3. RECURSOS HUMANOS, HORARIO DE APERTURA E SERVIZOS OFRECIDOS POLA BIBLIOTECA

A Biblioteca está aberta durante os recreos, e é atendida por profesorado colaborador con diferente carga horaria. Estes profesores e profesoras, xunto con outros, encárganse ademais do traballo de organización e xestión, da realización de actividades

orientadas ao coñecemento da Biblioteca coma espazo de lecer e traballo, e ao fomento de hábitos lectores.

En canto aos servizos que presta a Biblioteca na actualidade, hai que destacar:

- Préstamo domiciliario de libros, cun máximo de 15 días e 3 libros.
- Préstamo domiciliario de películas ou discos.
- Consulta e lectura en sala de material que non se presta: prensa, dicionarios, enciclopedias.
- Actividades encamiñadas a fomentar a lectura, a formación de usuarios e a educación documental.
- Colaboración en actividades e proxectos organizados polo centro (normalización lingüística, Club de Lectura, escolas UNESCO...)

4. ANÁLISE DA SITUACIÓN NO NOSO CENTRO ESCOLAR

A partir das últimas enquisas realizadas ao alumnado sobre os hábitos de lectura e que se poden ver na páxina web do centro, a situación do noso instituto é a que segue:

- Na enquisa do profesorado preguntamos sobre a hora de ler e os resultados nos van servir para modificar algún aspectos este curso. O profesorado prefire a combinación entre lectura libre e lectura guiada nalgunhas datas sinaladas (42,3%). Prefiren a lectura individual (61,5%) aínda que un 34% di que quere unha lectura combinada entre compartida e individual. O que imos facer é lectura en voz alta cando teñamos lectura guiada nalgunha efeméride. Outro aspecto que imos modificar é a lectura na aula pero baixando nalgunha sesión a biblioteca, así o pide o 57,7%.
- En xeral obtívose unha boa resposta por parte do profesorado ante as propostas do equipo da Biblioteca. Como aspecto a mellorar, poderíase pensar no proceso contrario, en que sexan os departamentos os que programen actividades solicitando a axuda do equipo da Biblioteca. Un 84,6 % do profesorado contesta que coñece o blog e un 65,4 % o Instagram. Utilizou a Biblioteca este curso, para consulta de información, préstamo de fondos e para traballar co alumnado.
- Por outra banda, constatamos a dificultade de realizar actividades co alumnado. Se o profesorado non colabora nas actividades nas súas aulas, ao non dispoñer o equipo de Biblioteca de horas específicas para traballar cos alumnos, dependendo sempre do

recreo, a participación do alumnado é ás veces escasa. Por exemplo, cando se proxectaron vídeos nos recreos había moi poucos alumnos e sempre eran os mesmos. Tamén espertaron pouco interese algúns dos concursos propostos. Estas mesmas actividades, se pola contra son propostas por algún profesor, e serven para mellorar a cualificación, son máis aceptadas. De todas formas, teño que salientar que hai un grupo de alumnas de 4º de ESO que axudan moitísimo na Biblioteca no préstamo de libros e na preparación de actividades propostas polo equipo da Biblioteca.

- Do alumnado que participou nalgunha das actividades, as máis valoradas foron a hora de ler (25,2%) o Samaín (23,4%), o sorteo da cesta de Nadal (17,8%)
- Respecto a difusión das actividades da Biblioteca entre o noso alumnado, concluímos que coñecen máis o instagram que o blog (ao contrario que o profesorado) resultado da importancia que teñen hoxe en día entre a adolescencia as redes sociais.
- Con respecto á implicación da familia no proxecto da Biblioteca, continuamos tendo dificultade para conseguir a participación. O ambiente socio-cultural da zona é un factor que resta facilidades; a lectura non é un valor social, e esta idea transmítese de pais a fillos.
- Moi poucos familiares responderon á enquisa proposta (só 34 persoas), pero os que responden amosan interese polo préstamo de libros (61,8%) Un 55% indicou que prefería solicitalo por email e recollelo en conserxería fronte a un 45% que o recollería no recreo. Na enquisa observamos que hai familias interesadas en participar nalgunhas actividades como mercados de libros de segunda man (64,5%), exposicións (41,9%), club de lectura (41,9%), visitas de escritores e escritoras (35,5%), coloquios sobre películas (29%), roteiros literarios (25,8%), cine club (22,6%), coloquios sobre libros (19,4%)
- A comunicación coas familias mantense a través da páxina web do instituto e do blog e Instagram da Biblioteca, onde se da información do funcionamento da Biblioteca, dos eventos e das actividades nela programadas.

5. ACTUACIÓNS DA BIBLIOTECA ESCOLAR COMO DINAMIZADORA DO PROXECTO.

A Biblioteca escolar facilita estratexias de aprendizaxe e de ensino que poñen en xogo múltiples habilidades, contribuíndo así ao logro das competencias básicas de modo transversal, e a través de cada área en particular.

Traballando os contidos con, e dende a Biblioteca, favorecemos a aprendizaxe autónoma, o “aprender a aprender”, permítense a integración de coñecementos múltiples, provense o alumnado de mecanismos para localizar, contrastar e valorar informacións diversas.

Ademais a Biblioteca integra as novas tecnoloxías como instrumento de traballo e ofrece un espazo participativo distinto da aula.

A Biblioteca é, en definitiva, unha valiosa achega para conseguir unha aprendizaxe significativa e un traballo cooperativo. Por iso, tentamos facer realidade un novo concepto de “mediateca”, converténdoa nun espazo privilexiado para o achegamento aos textos literarios e informativos en diversos formatos: impresos, audiovisuais ou multimedia.

Dende a BE establecemos, de cara a acadar estes obxectivos, as seguintes actuacións para o curso 2023/24:

- Coordinación do Proxecto lector do Centro.
- Revisión e actualización do Plan lector, coas achegas dos diferentes departamentos.
- Actualización de fondos bibliográficos de acordo coas necesidades de departamentos e persoas usuarias.
- Difusión do listado de libros de lectura obrigatorias dos diferentes departamentos na web, no blog, no panel da Biblioteca e na cortiza de entrada.
- Promoción de suxestións de lectura de diferente temática e en diferentes linguas.
- Fomento da Biblioteca dixital coa actualización de recursos electrónicos (ordenadores, e-books e tabletas para uso do alumnado) e integración das TIC nas actividades de fomento da lectura.
- Planificación, asesoramento e supervisión da “Hora de lectura”.
- Programación de actividades culturais e educativas para a comunidade escolar, actividades para diferentes conmemoracións, exposicións temporais de diferente temática e difusión das actividades á comunidade escolar.
- Colaboración con outras Bibliotecas e institucións, especialmente da nosa contorna. Participación en actividades en colaboración con entidades externas ao

centro. Programación de saídas didácticas.

- Apoio ás materias de Proxecto Competencial, Oratoria ou outra que precise dos fondos da Biblioteca.
- Actividades de busca de información tomando a Biblioteca como centro de recursos en colaboración cos diferentes departamentos na confección das probas.
- Obradoiros e/ou concursos de poesía, cómics e relato curto de diferente temática.
- Obradoiro de escritura e realización dunha revista en papel e/ou dixital que será difundida á comunidade escolar.
- Charlas e debates en torno a temas de actualidade.
- Proposta aos departamentos de proxectos documentais en base á diversidade natural e o patrimonio cultural e artístico da comunidade.
- Xogos, buscas do tesouro, webquests e actividades Jclick a través da aula virtual.
- Fomento de actividades coeducativas colaborando coa Rede de Escolas UNESCO de Galicia, á que pertence o IES Pazo da Mercé.
- Consolidación e difusión do blog da Biblioteca e Instagram como plataformas de comunicación, formación e espazo de lecer.
- Apoio ao profesorado que traballe por proxectos coa selección e ampliación de recursos educativos na rede e difusión de información para a xuventude dende o blog da Biblioteca e dos paneis informativos do centro.
- Recoñecemento público de lectores/usuarios destacados ao longo do curso e da clase lectora.
- Elaboración de guías de lectura e recomendacións de páxinas web, de lecturas, cine e pasatempos didácticos, taboleiros en Pinterest, e recomendacións de lectura personalizadas para alumnado e familias. Actividades e xogos de animación á lectura e promoción do andel de novidades. Fomento de lectura de prensa e revistas dixitais con enlaces no blog.
- Recollida de suxestións do alumnado e profesorado para a compra de novos exemplares.
- Organización dun mercado de libros de segunda man e intercambio de libros nos recreos invitando a participar a toda a comunidade educativa.

6. HORA DE LECTURA.

Para o desenvolvemento desta hora de lectura, o equipo da Biblioteca elabora un calendario trimestral que se suspende no comezo da tempada de exames en cada avaliación. Tanto o profesorado como o alumnado pode consultado no blog da Biblioteca e en cada clase haberá un calendario coas diferentes sesións do trimestre. Tamén se notificará por correo electrónico a todo o profesorado.

As sesións son rotativas, de maneira que implica a todo o profesorado do centro.

As normas relativas á *Hora de ler* son as seguintes:

- É obrigatoria e realízase na aula.
- A lectura é libre, o alumnado deberá traer algún libro, cómic, xornal ou revista didáctica do seu gusto.
- Voluntariamente, o alumnado fará un resumo ou unha valoración sobre o lido nesa hora.
- A participación, valoración e aproveitamento estarán reflectidas na folla de seguimento que está no caixón da mesa do profesor de aula e que deberá ser cumprimentada polo profesor/a correspondente.

Estas normas poden verse no [blog da Biblioteca](#).

7. ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LECTURA DOS DIFERENTES DEPARTAMENTOS.

Ler é unha maneira de relacionarse ou aproximarse á realidade. A animación á lectura debe entenderse como unha incitación ao gozo intelectual que está relacionado cos estímulos, o descubrimento, a intuición, a comprensión, a beleza, a interrogación, a creatividade e , sobre todo, coa conversación.

A lectura é un medio fundamental para a consecución de todas as competencias básicas, aprendizaxes que capacitarán ó alumnado para a súa realización persoal, o exercicio da cidadanía activa, a incorporación satisfactoria á vida adulta e o desenvolvemento dunha aprendizaxe permanente ó longo de toda a vida.

Logo, todos os departamentos deben programar unha serie de actividades en relación coa práctica lectora e coa animación a este hábito. Enumeramos algunhas:

- Actividades de documentación, investigación e foros de debate, con especial atención aos temas de actualidade.
- Lecturas comprensivas coa identificación da idea ou ideas principais do texto. Aplicación en áreas de linguas e ciencias.
- Lecturas comprensivas, dando prioridade á busca da información relevante. Aplicación en áreas de linguas e ciencias.
- Suxestión de lecturas e películas relacionadas con diversos temas, efemérides ou cos proxectos do centro e das escolas UNESCO.
- Busca de información na Biblioteca tanto en soporte informático, como documental, en torno a un tema da actualidade.
- Programación de exposicións de libros da Biblioteca referidos a un tema ou efeméride, co posibilidade de levalos prestados a casa.
- Lectura de libros de divulgación científica na aula, traballando despois a comprensión lectora mediante cuestións escritas e intercambio oral de impresións e dúbidas.
- Elaboración de guías de lectura aconselladas para ampliar contidos tratados na aula.
- Proxectos de investigación seguindo os postulados do método científico a través dos que o alumnado se acostuma a buscar información e a saber utilizala.
- Lectura e comentario de recortes de prensa relacionados cos contidos da materia, para que os alumnos poidan conectar o aprendido coa realidade e coa actualidade.
- Busca polo profesor en internet de temas que teñan que ver coa súa materia, e acceso dos alumnos a esa dirección web para levar a cabo a lectura e o posterior resumo comentado do artigo ou tema seleccionado.
- Utilización do canón proxector para ensinar textos de diferentes temas de interese, lectura pautada dos mesmos e rolda de comentarios sobre o lido e entendido en dita lectura.
- Uso dos ordenadores para facer resumos polo alumnado de temas indicados polo profesor.
- Uso da plataforma Moodle, para levar a cabo a lectura dun tema proposto polo profesor e posteriormente responder a unhas preguntas formuladas nun cuestionario dentro do mesmo entorno.
- Elaboración de guías de lectura para o curso e mesmo para o tempo de lecer

atendendo os intereses do alumnado.

8. APLICACIÓN DAS TIC'S

Trabállase coas TIC's para:

- Comunicación escolar: correo electrónico, web e blog do centro, chats, uso de internet, aula virtual e plataforma educativa Moodle.
- Difusión das novidades de lectura, das actividades e de informacións relevantes para o alumnado e a comunidade escolar a través do blog e o Instagram da Biblioteca e do club de lectura. Isto é unha importante ferramenta para achegarnos ao alumnado, as familias e en xeral á toda a comunidade educativa.
- Uso dos ordenadores da Biblioteca para a busca de información.
- Uso dos e-books da Biblioteca para fomentar a lectura virtual.
- Comunicación escola-sociedade: lectura de prensa dixital, visitas virtuais a museos e institucións, participación en concursos e obradoiros en rede, etc.
- Utilización de programas comerciais, software gratuíto, webs con diferentes recursos...
- Investigación: busca de recursos en Internet e enciclopedias multimedia.
- Educación en valores: análise da linguaxe da imaxe e da publicidade.
- Potenciación do programa E-LBE.2

Todo o traballo desenvolvido para o fomento da lectura levarase a cabo empregando en maior ou menor medida o equipamento informático e os programas que nos permitirán tratar a información sobre a cal se levou a cabo a lectura, dándolle desta forma un papel importante ao uso das tecnoloxías no desenvolvemento do plan lector para a formación do alumnado.

9. METODOLOXÍA

O Proxecto lector esixe o uso de metodoloxías comunicativas e participativas, dirixidas a estimular a necesidade e o pracer por ler. De cara a acadar os obxectivos propostos neste proxecto, recomendamos as seguintes estratexias:

- Facer que a Biblioteca de centro e de aula sexa un espazo de cooperación e de intercambio co profesor e cos compañeiros, favorecendo o diálogo, o contraste de

puntos de vista e o traballo cooperativo.

- Converter a Biblioteca nun espazo de lecer
- Traballar a lectura en diferentes soportes.
- Traballar con distintos modelos de lectura.
- Facilitar a participación do alumno/a na selección de lecturas e na planificación de actividades.

10. AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación para a valoración deste proxecto serán os seguintes:

- Mellora dos hábitos lectores do alumnado.
- Mellora das habilidades do alumnado no uso e tratamento da información en diferentes soportes.
- Mellora da adquisición de hábitos adecuados no uso da BE.
- Participación do alumnado nas sesións de lectura programadas polo equipo da Biblioteca.
- Participación do alumnado nas actividades lectoras propostas polos diferentes departamentos.

Traballarase cos seguintes procedementos de avaliación:

- Reunións periódicas do equipo da Biblioteca, con posta en común das experiencias en torno ao proxecto lector: funcionamento da hora de lectura, número de libros prestados, análise de actividades realizadas pola Biblioteca, uso da Biblioteca polos distintos departamentos, mellores lectores, colaboración co club de lectura, etc.
- Enquisa en rede ao alumnado, a final de curso, sobre hábitos lectores e valoración da Biblioteca como fonte de recursos para a aprendizaxe e a adquisición de coñecementos.
- Enquisa en rede ás familias a final de curso sobre hábitos lectores.
- Enquisa en rede ao profesorado sobre valoración das actividades da Biblioteca e sobre a hora de lectura.
- Elaboración da memoria final de curso da Biblioteca, onde se contrasten os obxectivos planeados coa consecución dos mesmos.

11. CONCLUSIÓN

Seguramente co Proxecto Lector non lograremos facer de todos o noso alumnado, lectores hábiles, motivados ou activos; pero, o feito de que exista un proxecto, un interese especial por parte dun sector do profesorado, un esforzo coordinado, de seguro producirá cambios positivos.

As neves, 25 de setembro 2023

A coordinadora do Club de Lectura



Montserrat Santos Barroso

Visto e Prace da Directora



María Dolores Galván Bretaña